Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Frades

- 10534 (11/PRE-002704)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación co déficit de maquinistas existente nos servizos ferroviarios de Galicia, e en particular de Ourense, así como as necesidades que hai en materia ferroviaria

- 10537 (11/PRE-002705)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Cerceda

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 10538 (11/PRE-002706)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Abegondo

- 10539 (11/PRE-002707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Bergondo

- 10541 (11/PRE-002708)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Paderne

- 10542 (11/PRE-002709)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Aranga

- 10543 (11/PRE-002710)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Betanzos

- 10544 (11/PRE-002711)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Oza-Cesuras

- 10545 (11/PRE-002712)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Miño

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 10546 (11/PRE-002713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Curtis

- 10547 (11/PRE-002714)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Coirós

- 10548 (11/PRE-002715)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Arzúa

- 10549 (11/PRE-002716)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Sobrado

- 10550 (11/PRE-002717)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Melide

- 10551 (11/PRE-002718)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Santiso

- 10552 (11/PRE-002719)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Boimorto

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 10553 (11/PRE-002720)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Toques

- 10554 (11/PRE-002721)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería de Política Social ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Frades

- 10574 (11/PRE-002722)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto na economía galega da evolución das exportacións e da terceira onda da covid-19, así como do resultado da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, e as actuacións que está a valorar para fomentar unha diversificación dos sectores e dos países de destino

- 10583 (11/PRE-002723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre os requisitos e baremos establecidos na convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza de subdirector ou subdirectora da AGADER para as Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 10592 (11/PRE-002724)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun problema de déficit de diagnóstico do cancro durante o ano 2020 e as súas previsións respecto do estudo da posibilidade de ampliar os cribados de cancro que está a realizar o Sergas

- 10595 (11/PRE-002725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia, nomeadamente o Instituto Galego de Promoción Económica, para impulsar procesos de concentración e dimensionamento empresarial co fin de mellorar a competitividade das empresas galegas, así como para promover os procesos de innovación e dixitalización das pemes e micro pemes

- 10601 (11/PRE-002726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das reformas solicitadas polos centros educativos do concello de Mos

- 10606 (11/PRE-002727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das reformas solicitadas polos centros educativos da vila de Baiona

- 10608 (11/PRE-002728)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Cerceda

- 10609 (11/PRE-002729)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Abegondo

- 10610 (11/PRE-002730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Bergondo

- 10611 (11/PRE-002731)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Betanzos

- 10612 (11/PRE-002732)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Aranga

- 10613 (11/PRE-002733)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Oza-Cesuras

- 10614 (11/PRE-002734)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Miño

- 10615 (11/PRE-002735)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Paderne

- 10616 (11/PRE-002736)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Curtis

- 10617 (11/PRE-002737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Coirós

- 10618 (11/PRE-002738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Arzúa

- 10619 (11/PRE-002739)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Sobrado

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 10620 (11/PRE-002740)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Seco García, Martín
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Consellería do Medio Rural ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Melide

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:16:36
Nº Rexistro: 10133
Data envio: 05/02/2021 13:16:36.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as incorporacións de mozos e mozas e os plans de mellora da actividade agrogandeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido o rural galego sofre un despoboamento grave que tamén é compartido por outros territorios, tanto europeos como do resto do estado español.

É fundamental pois, a incorporación de mulleres e homes xoves no tecido rural e para iso compre orientar, asesorar e tutelar o plan emprendedor de asentamento e destas empresas no sector primario cun marcado carácter agropecuario.

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:16:36
Nº Rexistro: 10133
Data envio: 05/02/2021 13:16:36.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra a súa labor administrativa case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou o Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través de la transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, "encorsetado" e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, as/os xoves tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:16:36
Nº Rexistro: 10133
Data envio: 05/02/2021 13:16:36.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

técnico-económica da empresa e toda este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e "perdurabilidade" no tempo do proxecto empresarial.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera o goberno da Xunta de Galiza arbitrar os mecanismos programáticos e orzamentarios precisos para dotar tanto ás OAC como as delegacións provinciais do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural, do persoal suficiente para facer un asesoramento e seguimento das novas explotacións e da súa viabilidade?

. Existe un seguimento e rexistro dos plans empresariais emprendidos pola mocidade, aprobados nas axudas de incorporación, que son exitosos e permanecen produtivos e rendibles máis aló dos 5 anos do compromiso de permanencia que recolle o requirimento da orde de axudas?

.Houbo algún cambio normativo que permita modificar a consideración das axudas como subvención e a súa tributación a facenda como investimento de capital?

. Considera a Xunta de Galiza necesario abrir unha liña de axudas con fondos propios que permita compensar a situación adversa mencionada no punto anterior?

Santiago de Compostela, 05 de febreiro de 2021

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:16:36
Nº Rexistro: 10133
Data envio: 05/02/2021 13:16:36.560

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 05/02/2021 13:12:42

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/02/2021 13:12:46

María del Carmen Aira Díaz na data 05/02/2021 13:12:54

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:37:04
Nº Rexistro: 10139
Data envio: 05/02/2021 13:37:04.761

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas para o sector vitivinícola, a modificación do PASVE para a inclusión das explotacións vitícolas e a achega de fondos extraordinarios ao sector pola crise COVID.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da Covid-19 está a castigar duramente ao sector vitívinícola e os seus efectos no sector só se poden cualificar de devastadores. Non só polo peche das canles HORECA (hoteis, restaurantes e cafetarías) -que son o circuíto de venda habitual de dous terzos da produción total de viño do país- durante o confinamento e as posteriores restricións. As vendas no exterior tamén caeron en catro das cinco denominacións de orixe do país. As limitacións provocadas pola crise sanitaria sumáronse á incertidume xerada polo Brexit entre os importadores do Reino Unido así como a perda de competitividade no mercado estadounidense a raíz da aplicación dos aranceis do 25% impostos polo executivo republicano de Donald Trump.

É importante neste contexto ter en conta os diferentes graos de afectación que ten suposto a pandemia aos distintos actores do sector e así resulta importante diferenciar os efectos da COVID para os viticultores e pequenos produtores que venden a súa uva a bodegas dos efectos que a mesma pandemia tivo nestas bodegas tamén

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:37:04
Nº Rexistro: 10139
Data envio: 05/02/2021 13:37:04.761

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependendo do seu tamaño, de se pertencen ou non a unha Denominación de Orixe e tamén, entre estas últimas, dependendo de cal das cinco D.O. esteamos a falar.

Como apuntamento podemos sinalar que se produciu neste primeiro ano COVID un aumento importante da venda por canles dixitais pero desde o sector confírmase que este aumento en ningún caso se achega a cubrir a perda de vendas provocada polo peche do sector HORECA.

As cinco Denominacións de Orixe galegas (Ribeiro, Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras) teñen moi distintos graos de presenza nos mercados exteriores pero todas as súas exportacións acusaron os efectos da pandemia. Neste contexto foi a D.O. de Rías Baixas a que mellor soportou o envite que tivo efectos demoledores noutras denominacións como Valdeorras.

Un terceiro factor que ten incidido decisivamente nesta crise incomparábel a calquera outra no sector foi a paralización do mercado turístico e vacacional, un condicionante que ten debilitado tamén as outras canles de venda da produción vitivinícola galega habituais sobre todo no verán.

Neste contexto estase a levar a cabo a redefinición do Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola Español (PASVE). A Xunta de Galiza tense que posicionar claramente e defender diante do Ministerio de Agricultura unha reorientación destes fondos que permitan que poidan chegar ás explotacións vitícolas que son a base do sector no noso país. Ao tempo é fundamental reaxustar a medida de promoción en terceiros países para que se poidan financiar campañas de promoción a nivel interno e europeo ás que poidan ter acceso as adegas pequenas e medinas que constitúen o maior número do sector vitícola galego.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:37:04
Nº Rexistro: 10139
Data envio: 05/02/2021 13:37:04.761

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cun 4% menos de fondos, por mor do recorte orzamentario da nova PAC, e nos tempos de crise que temos por diante é fundamental que se faga chegar parte dos fondos aos puntos máis febles do sector: as persoas viticultoras e as adegas pequenas e medianas.

Non é só unha cuestión de supervivencia económica, é tamén un factor de conservación e fixación de poboación no noso territorio rural. É responsabilidade e competencia da Xunta de Galiza habilitar os mecanismos precisos que permitan un maior acceso dos distintos axentes do sector vitivinícola galego aos fondos do PASVE.

Hai un dato demoledor. O Fondo Español de Garantía Agraria O. A. (o FEGA) fixo no último exercicio (de outubro de 2019 a outubro de 2020) un total de pagos de 212,7 millóns de € ao sector vitivinícola do Estado Español, dos que só chegaron a Galiza o 1,1% (ou o que é o mesmo, 2,4 millóns de euros). Os datos falan por si propios.

A Xunta de Galiza só activou dúas liñas específicas de axudas para o sector, unha "Para a mellora das instalacións de elaboración e comercialización", e outra, "Para medidas de promoción en países terceiros". Sen embargo moitas bodegas e colleiteiros se teñen queixado da insuficiencia destas axudas así como das dificultades de acceso ás mesmas nun sector no que (sobre todo nas D.O. de interior do país, priman as pequenas bodegas e a fabricación artesanal).

O Goberno central pola súa banda aprobou en xuño un paquete de axudas de 90 millóns de € para os efectos da COVID no sector que incluía destilación de crise, almacenamento privado e colleita en verde, uns criterios que non favorecen en absoluto ás pequenas e medianas adegas do noso país.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:37:04
Nº Rexistro: 10139
Data envio: 05/02/2021 13:37:04.761

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta situación, a Xunta de Galiza ten de actuar nunha dupla fronte. Dunha banda con accións directas de apoio ao sector e doutra como intermediario directo para reorientar e axustar as medidas propostas polo Ministerio de Agricultura.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten pensado a Xunta de Galiza habilitar fondos extraordinarios de axudas directas para o sector vitivinícola galego, ante a grave situación de crise que padece derivada da pandemia COVID?

. De que xeito e en que cantidades?

. Ten previsto a Xunta de Galiza reclamar ao Ministerio de Agricultura que modifique os criterios da nova PASVE e os reorienten de xeito que favorezan a especificidade do sector en Galiza?

. Que criterios aplicará a Consellaría do Medio Rural nesa negociación?

. Vai incluír a Xunta de Galiza o sector do viño como un dos sectores estratéxicos de cara á recepción dos fondos Next Generation para a reactivación económica?

Santiago de Compostela, 05 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 13:37:04
Nº Rexistro: 10139
Data envio: 05/02/2021 13:37:04.761

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/02/2021 13:33:42

María del Carmen Aira Díaz na data 05/02/2021 13:33:46

María González Albert na data 05/02/2021 13:33:55

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Pacto Verde pretende transformar a economía europea de forma que se considere sostible en todas as súas vertentes, facendo fincapé na necesidade de incluír todas as políticas nese reto.

A loita contra o cambio climático, a preservación do medio ambiente, do chan, da auga, do aire, da biodiversidade e da paisaxe convertéronse en prioridade tanto para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como para a nova PAC.

Segundo acordo do Consello Europeo, un 40 % do conxunto da PAC debe ter esa vocación ambiental, e un 30 % das intervencións do Feader, do segundo piar, teñen que estar orientadas a esa materia.

Os novos obxectivos víronse aumentados cos novos retos que expoñen as comunicacións da Comisión Europea: a estratexia denominada "Da Granxa á Mesa" e a "Estratexia da Biodiversidade". Nelas establecíanse unha serie de obxectivos en materia de redución da utilización de produtos fitosanitarios, de fertilizantes e de antibióticos.

Coherente con esta nova sensibilidade ambiental, e en cumprimento da legalidade, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación elaborou o borrador de Proxecto de Real decreto, polo que se establecen normas para a nutrición sostible nos chans agrarios.

Este proxecto de Real decreto, elaborado conforme a criterios técnicos e conforme aos compromisos e as directrices europeas na materia, supón unha ferramenta para que o sector agrícola español mellore os sistemas de produción, diminuíndo o impacto ambiental derivado do uso de produtos fertilizantes minerais e outras fontes de nutrientes.

O trámite de audiencia actual, coa publicación do borrador da norma, no portal do Ministerio ten o obxecto solicitar cantas achegas adicionais se poidan facer por outras persoas ou entidades.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

A fertilización é un dos aspectos máis importantes en gran parte das producións agrícolas e supón unha alta porcentaxe dos custos de produción. Para conseguir unha produción agrícola de calidade, o cultivo debe ter dispoñibles os nutrientes que necesita no momento adecuado.

As bases amplamente recoñecidas para unha boa fertilización apóianse en achegar á planta os nutrientes que necesita na cantidade, momento e forma adecuados. É necesario coñecer cales son as necesidades do cultivo para o rendemento esperado, que nutrientes hai dispoñibles, os momentos de máxima necesidade do cultivo e as posibilidades técnicas para coordinar fertilización e necesidade.

O proxecto de Real decreto pretende establecer unhas normas que rexan estes aspectos, que se minimicen as perdas de nutrientes ao ambiente, mellorando a eficiencia do material achegado como fertilizante e que se facilite o control desta actividade.

O RD 818/2018, sobre medidas para a redución das emisións de determinados contaminantes atmosféricos, inclúe a obrigación do Ministerio de Agricultura, de elaborar e publicar un código nacional de boas prácticas agrarias, para controlar as emisións de amoníaco, que debe incluír, entre unha serie de medidas, as técnicas de esparexemento de esterco con baixo nivel de emisións.

O amoníaco (NH3) é un gas contaminante que afecta tanto ao medio ambiente como á saúde das persoas. Produce malos cheiros, irritación das vías respiratorias, ademais de ser un precursor da formación de micropartículas contaminantes no aire. O 96 % das emisións deste gas contaminante, no noso país, xéranse polas actividades agrícolas e gandeiras.

Durante o período 2010-2018, España superou o límite máximo permitido de emisións cun exceso de máis 25 % de media sobre o teito. Das 457.300 toneladas de amoníaco, emitidas pola agricultura, o 47 % procedían dos chans agrícolas, que inclúen as emisións da aplicación de estercos e fertilizantes nitroxenados minerais, estes últimos representan un terzo deste 47 % de emisións.

A urea é o fertilizante nitroxenado máis barato no mercado, polo que as decisións que se tomen respecto diso supoñerán un aumento do custo de produción. O fomento de práctica que vaian en liña de menor utilización de abonos de síntese como a urea encaixa á perfección coa nova filosofía PAC e axudará a diminuír a cantidade de amoníaco emitido á atmosfera.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envío: 05/02/2021 14:06:13.464

As previsións de fronte ao cumprimento das cifras establecidas pola Directiva (UE) 2016/2284 (para calquera ano entre 2020 e 2029, redución do 3 % en comparación con 2005 e do 16 % a partir de 2030) indican que é necesario poñer en marcha medidas que revertan este feito.

España ten aberto un procedemento de infracción na UE por incumprimento da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura. Non é a primeira vez que España tivo que responder a cartas de emprazamento por este tema. O RD foi elaborado en colaboración con MITERD e establece medidas para reducir esta contaminación.

Os inventarios oficiais elaborados por España, tanto de GEI como os outros contaminantes, baséanse nos protocolos e guías internacionais, sendo auditados externamente con periodicidade. O MITERD tramita as modificacións e melloras que se atopen xustificadas e validadas cientificamente.

Dende a entrada en vigor do RD 1078/2014, é obrigatorio aplicar de forma localizada ou enterrada os xurros para poder cobrar as axudas da PAC, é dicir, non poden utilizarse sistema de prato, abanico ou canóns. Considérase como unha das técnicas con maior impacto na redución de emisións.

Con todo, permitíanse excepcións a aplicar polas CC.AA en zonas de orografías complicadas. A día de hoxe mantéñense, polo menos, en Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Galicia, Murcia e País Vasco, con diferentes condicións relativas a pendentes, superficies e cultivos. Estas excepcións contempladas non foron aproveitadas polas CC.AA e o anterior goberno do estado para ir introducindo novas prácticas que reduzan as emisións e contaminación dos solos.

As CC.AA deberan favorecer a aplicación das mellores técnicas dispoñibles á hora de establecer excepcións á prohibición. No caso de parcelas nas que a pendente media sexa superior ao 20 %, con carácter xeral non se poderá realizar dita aplicación. Con todo, aquelas Comunidades Autónomas que teñan zonas con orografías complicadas e onde se dea dita circunstancia nunha maioría das súas parcelas, poderán agrupar ditas parcelas seguindo criterios obxectivos, e establecer excepcións, mediante resolucións ou regulamentos non necesariamente individualizados.

Un aspecto importante a ter en conta na análise do sector agro-gandeiro da cornixa cantábrica é a súa relación co medio natural, e a súa tipoloxía de

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

explotación familiar sostible. Gran parte das paisaxes e a biodiversidade dependen do mantemento de sistemas agrarios de produción tradicionais de baixa intensidade, denominados Sistemas Agrarios de Alto Valor Natural.

Neles dáse unha gran cantidade de mosaicos paisaxísticos, unha forte presenza de vexetación seminatural, á vez que un importante número de especies e hábitats dependentes destes sistemas de produción. En orixe, o concepto só se circunscribía aos sistemas agrarios, para incorporar posteriormente aos forestais, así como á combinación de ambos, ao modo do que se coñece como sistemas agroforestais.

Estes sistemas supoñen un mecanismo de custodia activa do territorio, derivada do seu papel na conservación das paisaxes, da biodiversidade asociada, e á mitigación do cambio climático: tanto por un número menor de emisións, a conservación de variedades xenéticas locais adaptadas, ou o mantemento de sumidoiros de CO2, como son os pastos permanentes, os sebes e lindes arbóreos das parcelas, os prados inundables próximos aos leitos, a vexetación de ribeira, etc,. Neste sentido, é necesario resaltar, que neste tipo de paisaxes agroforestais, presentes en moitas comarcas da Cornixa Cantábrica e Galicia, funcionan como verdadeiros "filtros e infraestruturas verdes", onde a calidade da auga segue sendo das mellores, non só da Península Ibérica senón de Europa, en canto ao contido de nitratos, non sendo declarada ningunha zona vulnerable por incumprimento da Directiva 91/676/CEE .

En definitiva, a importancia das explotacións agrarias familiares pasa as cuestións económicas, e entra de cheo en aspectos relacionados co mantemento da poboación rural en zonas desfavorecidas, a resiliencia da paisaxe fronte aos incendios, evitando a acumulación e a continuidade da biomasa debida ao abandono dos usos agrarios tradicionais en mosaico.

Tanto a guía *Options for Ammonía Mitigation. Guidance from the UNECE Task Force non Reactive Nitrogen*, como a Guía das mellores técnicas dispoñibles para reducir o impacto ambiental da gandería, inclúen, entre outras moitas, a aplicación dos xurros de forma localizada. É unha das técnicas que máis contribúe a reducir as emisións de amoníaco, utilizándose como técnica de referencia a distribución mediante abanico (técnica coa máxima emisión).

Ambos os documentos, en referencia á aplicación en campo de xurros, inclúen a aplicación en bandas, inxección, dilución ou incorporación ao chan.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

As reducións de emisións pódense conseguir en distintas fases empezando polo axuste proteico das racións dos animais ás súas necesidades reais (gandería de precisión), aumentando o tempo que o gando está en pastoreo, a tipoloxía e o modo de limpeza do cortello, a cubrición das balsas de xurros e favorecer a formación de costra natural nas balsas, etc.

A guía da UNECE sinala a importancia que teñen as diferentes condicións de clima e chan na fase de aplicación dos xurros. O orballo é unha das condicións máis favorables para evitar as emisións de amoníaco con reducións próximas ao 100%. Outros factores favorables son a alta humidade relativa atmosférica, as baixas temperaturas, vento en calma, e baixa radiación solar, sendo tamén favorables para reducir as emisións os chans acedos, con alto contido en materia orgánica diminúen as emisións.

O sistema de produción en pastoreo e a gandería extensiva ten un dos maiores potenciais para reducir o amoníaco, sendo moi inferiores ás emisións dos sistemas de cortellos confinados. Tamén ten outros beneficios para a economía circular, favorecendo o aproveitamento dos recursos forraxeiros, fronte á importación de pensos (cereais, soia), a mellora do "benestar animal" fronte ao gando estabulado todo o ano, a calidade nutritiva do leite e o seu maior valor para o consumidor, a creación de paisaxe e creación de hábitats biodiversos de gran valor para os insectos, aves…

España ten unha rica variedade de climas, chans e paisaxes con diferentes tipos de manexo do gando, tamaño das explotacións, etc polo que é necesario conxugar o elevado nivel de compromiso na redución de emisións de amoníaco, e outros impactos medio ambientais coa diversidade de producións e sistemas agro-gandeiros que existen tal como reivindican as organizacións agrarias.

A enorme diversidade da tipoloxía da explotacións agrarias, unida á diversidade edafoclimática da xeografía española, fan necesario deixar unha mínima marxe de flexibilidade para a adaptación da normativa estatal a cada territorio permitindo utilizar a ampla gama das diferentes boas practicas ambientais sinaladas na Guía da UNECE.

Manter a actividade gandeira é clave para fixar poboación nas zonas rurais, así, por exemplo, na provincia de Lugo, que é a que máis leite de vaca produce de todo o Estado, a proporción de man de obra ocupada en agricultura representa o segundo lugar en España, só despois da provincia de Almería.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

Por unha banda, na Cornixa Cantábrica existen unha gran cantidade de explotacións de pequeno tamaño que non teñen a rendibilidade necesaria para facer os investimentos que esixe o cambio proposto. En moitos casos, non só sería necesario adaptar a cisterna, senón que implicaría o cambio desta, e mesmo o tractor, tendo unha repercusión económica non asumible para as pequenas explotacións familiares.

Algunhas das medidas de redución, como a compra de novo equipamento para aplicar o xurro, adoitan ser máis facilmente asumibles nas grandes explotacións que nas pequenas, xa que os custos unitarios diminúen a medida que aumenta o volume de esterco debido á economía de escala.

Segundo os datos publicados por Eurostat, no ano 2013, as explotacións máis grandes, con máis de 500 Unidades Gandeiras (UGM), representaban o 83, 62, 41, e 7,5 % da cabana total nacional de Galiñas poñedeiras, porcino, pitos e vacún de leite respectivamente. por tanto, as medidas de mitigación poden ser máis efectivas centrando os esforzos nas granxas de maior dimensión.

Segundo os datos publicados polo Ministerio no último "Balance de Nitróxeno da Agricultura española, 2016" poderíanse reducir os fertilizantes químicos utilizados nun 63% se se mellorase o aproveitamento do nitróxeno orgánico, para o que sería necesario priorizar a mellora das balsas de almacenamento do xurro, para que se poida aplicar adecuadamente na época na que o necesitan os cultivos. Estas melloras irían en favor da economía rural, ao reducir os custos de abonado e do medio supoñendo a redución das emisións de amoníaco anuais en máis dun 8% do total nacional, así como evitar o grave problema da contaminación por nitratos .

En moitas ocasións, as propias condicións da orografía desta zona do Noroeste da Península non fan recomendable a utilización de determinados apeiros, por motivos de seguridade no traballo.

Por outra banda, tamén é necesario destacar os problemas mecánicos, que aínda na actualidade, mostran a maior parte dos novos sistemas de inxección, que ven agravados segundo diminúe a porcentaxe de humidade do esterco ou pola presenza e material dos cubículos das vacas (area) no xurro.

A aplicación de abonos orgánicos está moi influenciada pola organización do traballo por parte do agricultor e a dispoñibilidade de maquinaria. Sería conveniente unha maior flexibilidade no enterrado de esterco.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10144
Data envio: 05/02/2021 14:06:13.464

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é necesario axeitar as medidas, que se adopten no Real Decreto, ás necesidades dos cultivos e explotacións de Galicia e de toda a Cornixa Cantábrica.

Ante o procedemento de infracción na UE por incumprimento da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura e a elaboración do anterior Real decreto, onde xa se establecían prohibicións na xestión do xurro, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son as medidas para loitar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por NH3 que levou e pensa levar a cabo o Goberno galego dende o RD 1078/2014?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/02/2021 14:03:17

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2021 14:03:33

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:08:13
Nº Rexistro: 10185
Data envio: 08/02/2021 10:08:13.828

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de xaneiro, o "Venturer" saía do porto vigués con 64 persoas a bordo, co obxectivo de faenar nas augas das Malvinas. Na súa viaxe tomáronse todas as precaucións necesarias, a través das pertinentes probas de detección de coronavirus e pasando unha semana en corentena nun hotel, para asegurar que ningún dos tripulantes embarcaba portando o virus. De feito, algunhas das persoas que inicialmente gardaban a corentena tiveron que quedar en terra após ter dado positivo na proba.

Malia aos esforzos de prevención, dez días despois de saír do porto de Vigo varios dos tripulantes comezaron a presentar síntomas ligados á covid-19. Inmediatamente, o capitán do buque púxose en contacto co Centro Radio Médico de Madrid e diante do empeoramento da situación, trasladáronse a Salvador de Bahía o 28 de xaneiro, onde permanecen illados no barco sen que se lles permita desembarcar, agás cinco tripulantes que foron ingresados en centros hospitalarios diante da gravidade dos seus síntomas.

As familias dos tripulantes non están a recibir información da administración e tiveron que agardar ata o cinco de febreiro, día no que a empresa á que pertence a embarcación contactou cos tripulantes. Malia que contactaron directamente co

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:08:13
Nº Rexistro: 10185
Data envio: 08/02/2021 10:08:13.828

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consulado para pedir a súa intervención e axuda aos tripulantes, a día de hoxe non teñen constancia de se subiron a bordo para coñecer a situación directamente ou de cales van ser as actuacións que se leven a cabo.

A incerteza e a preocupación que están a vivir as familias dos tripulantes do "Venturer" é inxustificábel e as actuacións da empresa e das distintas administracións incualificábel, pola súa falla de implicación e por non informarse dende o primeiro momento e asegurar unha asistencia axeitada que nin sequera garante á tripulación baixar a terra para recibir os coidados médicos que precisen e poder recuperarse.

Diante desta situación formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación da tripulación do arrastreiro "Venturer", buque galego con base no porto de Vigo?

2.- Púxose en contacto co goberno do Estado para recibir información ao respecto? E coa empresa á que pertence o buque? De ser así, con que información conta?

3.- Púxose en contacto coas familias? De non ser así, por que motivo?

4.- Que actuacións levou e vai levar a cabo para garantir que a tripulación do "Venturer" reciba a atención precisa nestes casos e para que as súas familias teñan información puntual do que está a pasar?

5.- Vai solicitar que os tripulantes illados no barco podan baixar a terra para recibir os coidados médicos que precisa para recuperarse?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:08:13
Nº Rexistro: 10185
Data envio: 08/02/2021 10:08:13.828

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Considera o goberno galego que a súa propia implicación neste caso, así como a da empresa responsábel do buque e a do goberno do Estado foi e está a ser a correcta e a acaída nestas situacións? Considera que foi e está a ser dilixente?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/02/2021 09:55:52

Daniel Castro García na data 08/02/2021 09:55:55

María do Carme González Iglesias na data 08/02/2021 09:56:05

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e **Carme González Iglesias**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para frear a deslocalización de servizos das empresas eléctricas en Galiza en xeral e de Naturgy na Coruña en particular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten na enerxía un sector estratéxico polo seu papel produtor, pola importancia socioeconómica deste ben e pola súa achega en termos de PIB. Porén, tamén sofre as consecuencias dun modelo deseñado de costas aos intereses galegos, baixo un prisma centralista e sen unha participación e control público do sector, privatizado ao longo dos anos e controlado por grandes oligopolios.

Neste contexto, durante os últimos anos acelerouse no noso país un proceso de progresivo desmantelamento da xa reducida e adelgazada rede de servizos vinculados á xeración de enerxía, ben do ámbito técnico, ben do ámbito dos servizos de atención á clientela e comercialización. Cómpre recordar, por exemplo, como despois de anos de mobilizacións por mor da baixada na carga de traballo, en agosto de 2019 consumábase a rescisión do contrato de Naturgy coa empresa Teleperformance, na Coruña, que pasou de ter unha parte importante do servizo de atención, telefónica ao cliente, así como unha importante carga de xestión de back office, que no ano 2012 supuñan arredor de douscentos postos de traballo máis a manter un reducido servizo en relación co gas e

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coa xestión administrativa entre comercializadora e distribuidora. Máis adiante, en outubro de 2020, aproveitando a pandemia, Naturgy volveu reducir estes servizos. É necesario sinalar que este paso adiante no desmantelamento non era novo e xa no ano 2013 Naturgy levou fóra a comercializadora de mercado libre (UFC) coa perda de 103 postos de traballo tamén na Coruña.

Esta mesma situación de desmantelamento respecto da atención ao cliente e outras xestións básicas da comercialización sufriuse en Unitono Ourense, despois de varios anos de mobilizacións e de denuncia da perda de funcións e carga de traballo. En novembro de 2019 as e os usuarios de Naturgy deixaron de ser atendidos desde Ourense para facelo desde Reus (Catalunya) ou Colombia. A perda deste contrato afectou a máis de cen traballadores e traballadoras que levaban máis dunha década ao servizo de Naturgy, empresa coa que o centro de chamadas tiña un contrato de exclusividade. Este feito supuxo non só un impacto socioeconómico brutal nun territorio con graves problemas de desemprego e demográficos, senón que supuxo un paso atrás no dereito a atención en galego, que na práctica está supeditado a longas esperas para que as persoas que o solicitan sexan atendidas se hai algún teleoperador ou teleoperadora que coñeza ese idioma nese momento na plataforma de Reus.

A esta perda de servizos cómpre engadir unha progresiva destrución de emprego a través da redución da rede de oficinas presenciais e tamén un profundo proceso de descapitalización e abuso das subcontratas dos servizos asociados ás funcións técnicas e de mantemento. Neste proceso a actitude da Xunta de Galiza foi a da absoluta indiferenza, sen impulsar unha soa medida alén de declaracións de solidariedade. Como exemplo ilustrativo podemos sinalar como ao mesmo tempo que Naturgy levaba de Galiza o contrato de atención ao cliente recibía en novembro de 2019 a adxudicación dun contrato de máis de 170 millóns de euros para o fornecemento de enerxía da Xunta de Galiza.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 3 de febreiro Naturgy daba un paso máis e coñecíase a intención de deslocalizar a Madrid o Centro de Operación de Redes da Coruña, situado na avenida de Arteixo. No medio da pandemia da covid-19 a empresa anunciaba ao cadro de persoal esta decisión coma un feito consumado. Desta forma Naturgy afondaría na centralización de servizos, desta volta no Centro de Control Operativo de Madrid. Esta decisión, camuflada pola empresa como "mera reorganización" tería profundas consecuencias. Dunha banda, supón a destrución no noso país de arredor de 30 postos de traballo; doutra banda, alén do importante impacto no cadro de persoal, de idade media alta e cos seus proxectos de vida persoais asentados na área da Coruña, acabaría ocasionando a perda futura destes postos e a perda dun coñecemento e experiencia asociados ao territorio e ás condicións e características so sistema eléctrico que son fundamentais para prestar un adecuado servizo. Polo tanto, isto tradúcese na destrución de emprego e na futura perda de calidade do servizo.

Máis aínda, cabe salientar que Naturgy é unha das empresas máis importantes do sector en Galiza. Polo tanto, asistimos unha vez máis, como xa se denunciou respecto da situación de Iberdrola en Valdeorras, a como en Galiza fica só a compoñente de explotación do territorio e non retorna valor engadido nin riqueza a través da xeración de postos de traballo

Galiza non pode aceptar esta situación sendo estratéxica para o oligopolio enerxético, máis aínda nun momento de crise económica agravada pola covid-19 e nun momento onde se está a desenvolver a denominada transición enerxética nunhas condicións que distan de ser xustas, negociadas e positivas para Galiza. Neste momento no que moitas das empresas eléctricas están a reorientar as súas tecnoloxías de produción e a obter novas cotas de mercado, por exemplo no ámbito eólico, non é aceptable que os postos de traballo asociados non se manteñan en Galiza. As

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións central e galega deben actuar para que non se deslocalicen máis servizos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo asociados directa e indirectamente á produción enerxética como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña?

. Dirixiuse a Xunta de Galiza a Naturgy respecto desta cuestión? Cando e con que resultados? Impulsará a Xunta de Galiza unha mesa de traballo de todas as partes implicadas?

. Que valoración lle merece ao goberno galego que se desprace un servizo para o que é necesario ter coñecemento da singularidade da rede enerxética de Galiza? Considera que pode traer consecuencias negativas a medio prazo?

. Ten valorado a Xunta de Galiza o grave impacto do esfarelamento do tecido de servizos técnicos e de asistencia á clientela e comercialización que están aplicando as compañías eléctricas en Galiza?

. Arrepíntese a Xunta de Galiza de non ter actuado na defensa dos intereses do noso país nos procesos de desmantelamento de Teleperformance, Unitono e outros servizos semellantes?

. Vai impulsar a Xunta de Galiza cláusulas nas súas contratacións enerxéticas para contribuír a frear este fenómeno?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai impulsar o goberno galego medidas conducentes a que o desenvolvemento de novas explotacións enerxéticas estea vinculado ao mantemento en Galiza dos servizos asociados? De que maneira?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/02/2021 10:08:08

Daniel Pérez López na data 08/02/2021 10:08:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/02/2021 10:08:26

Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 10:08:37

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 10191
Data envio: 08/02/2021 10:23:25.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2021 10:08:45

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:31:06
Nº Rexistro: 10196
Data envio: 08/02/2021 10:31:06.426

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Tribunal de Xustiza de Galicia (TXG) vén de facer público unha sentenza do Xulgado do Penal número 3 de Pontevedra pola que que se condena ao actual presidente da Federación Galega de Fútbol, a pena de dous anos de prisión e oito de inhabilitación para cargo público, por un "delito de prevaricación, en concurso cun delito de fraude" por conceder unha axuda de 86.311 euros ao Concello de Moraña para que executar unhas actuacións de mellora no campo de fútbol municipal.

Na devandita sentenza – recorrible diante da Audiencia Provincial - se condena ademais, entre outras persoas, a delegada Territorial da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra e alcaldesa de Moraña cando se produciron os feitos.

O xuízo, que tivo lugar en novembro, remóntase a uns feitos acaecidos entre 2011 e 2013. Na primeira das anualidades pactouse a instalación de herba artificial na instalación deportiva así como outras obras menores pero unha certificación incrementou un custe que non se podía pasar ao tratarse dun proxecto financiado con diñeiro público.

A maxistrada do Xulgado do Penal número 3 de Pontevedra sostén que "se ideou un sistema artificioso, en fraude de lei, tendente a abonar á empresa o importe que reclamaba".

Foi en 2013 cando se adxudicou "de forma irregular" outro proxecto sobre o campo á mesma construtora, algo que se considera probado polas escoitas feitas. O feito de que se seguise adiante con este engano evidencia, para a xuíza, "a clara vontade manifesta en contra da legalidade" do Sr. Rafael Louzán.

O Sr. Rafael Louzán é o actual Presidente da Federación Galega de Fútbol, que se integra actual na estrutura territorial da Real Federación Española de Fútbol, entidade asociativa privada, de utilidade pública, que exerce funcións propias e funcións públicas delegadas.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

E si ben é certo que o cargo que ostenta o Sr. Louzán (foi presidente Deputación de Pontevedra e alto cargo do Partido Popular nesa provincia) non é un cargo político neste momento, non é menos certo que se trata dun cargo público e de enorme dimensión social.

A Real Federación Española de Fútbol recoñece as federacións de ámbito autonómico as funcións de promover, ordenar e dirixir o fútbol, dentro do seu ámbito territorial, mediante o exercicio das facultades propias e das expresamente delegadas pola RFEF.

Neste senso a Federación Galega ten atribuído a organización da Terceira División Nacional e todas as competicións federadas de fútbol e fútbol sala de ámbito autonómico galego.

Así mesmo a Federación Galega de Fútbol resulta ser un axente colaborador da Administración autonómica e dinamizador da actividade deportiva na nosa Comunidade Autónoma coa que ten asinado, no marco da promoción do deporte galego, distintos convenios de natureza económica sufragados con fondos públicos.

A Xunta de Galicia, pola súa banda, ten competencias en materia deportiva ao abeiro do disposto na Lei 3/12, de 2 de abril do deporte de Galicia.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai adoptar o Goberno galego algunha medida para forzar a saída do Sr. Louzán da Presidencia da Federación Galega de Fútbol?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2021 10:25:07

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 10:25:16

Paloma Castro Rey na data 08/02/2021 10:25:23

Pablo Arangüena Fernández na data 08/02/2021 10:25:30

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:32:36
Nº Rexistro: 10199
Data envio: 08/02/2021 10:32:36.225

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A recente sentencia condenatoria por prevaricación e fraude contra Luisa Piñeira, ex alcaldesa de Moraña polo Partido Popular e nomeada delegada da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra, e contra Rafael Louzán, quen foi presidente do Partido Popular provincial e presidente da Deputación de Pontevedra, supón a constatación dun sistema de funcionamento opaco e ilegal dende as institucións operado por responsables do Partido Popular.

Esta sentencia recolle o proceso da creación de "sistemas artificiosos, en fraude de lei" para incrementar partidas de diñeiro público para engrosar facturas de obras xa realizadas. A implicación da delegada da Xunta na provincia de Pontevedra ten que ver coa súa participación como alcaldesa de Moraña, onde a realización destas obras no campo de fútbol foi evidenciado en fraude.

Dentro da exemplaridade que permite ofrecer unha sentencia como esta, debemos situar tamén o foco na actuación doutras administracións, tratando de esclarecer calquera posible dúbida para contribuír a despexar sospeitas e ofrecer visións transparentes.

O caso descrito sobre o procedemento fraudulento no que colaboraron Louzán e Piñeiro, do Partido Popular, ten que ver con instalacións deportivas e de ocio sitas nese concello de Mirallos, que contaron con publicitados investimentos de diversas institucións e, especialmente, de departamentos da Xunta de Galicia.

En xaneiro de 2019 o Concello de Moraña anunciaba un investimento estimado de 452.000 euros para a construción dun edificio auxiliar ao campo de fútbol, con ximnasio na planta baixa e cafetería acristalada con mirador ao campo de fútbol na parte superior. Anunciábase tamén a mellora das gradas e dos vestiarios, a mellora do sistema de riego no campo así como a construción dunha pista para corredores ao redor do campo (*El campo de fútbol de Mirallos será modernizado con un gimnasio*. Faro de Vigo, 25 de xaneiro de 2019)

No mes de xuño dese mesmo 2019 foi feito público un acordo, asinado a tres

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:32:36
Nº Rexistro: 10199
Data envío: 08/02/2021 10:32:36.225

bandas entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda coa Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Moraña. Neste acordo, que se publicitaba por un valor de medio millón de euros anunciábanse a reforma da instalación deportiva e a mellora dos accesos dende o entorno (*Medio millón de euros para la mejora y ampliación del campo de fútbol de Moraña*. Pontevedra Viva, 18 de xuño de 2019; *Inicio inminente para la remodelación integral del campo de fútbol de Mirallos, en Moaña*. Pontevedra Viva, 9 de xullo de 2020)

Coa substitución de Luisa Piñeiro na alcaldía de Moraña, o seu relevo foi tomado por José Cela que, nunha entrevista antes de producirse formalmente ese cambio, anunciaba entre as súas prioridades unha mellora do campo de fútbol referido, citando que "vaise facer unha reforma profunda" (*Entrevista a José Cela*. Diario de Pontevedra, 30 de septiembre de 2020).

Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2021 inclúen, entre as partidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha partida de 359.811 euros (*partida 08.04.521A.6071 Equipamento ocio Mirallos. Moraña)* con destino, tamén, a melloras non concretadas desta mesma instalación.

Os investimentos anunciados e publicitados, sinalados con anterioridade, atópanse na suma de 1,4 millóns de euros. Ante tal coincidencia e sucesión de investimentos e anuncios sobre a mesma infraestrutura, sinalada agora por ser obxecto de procedementos polos que foron condenados Louzán e Piñeiro por prevaricación e fraude, parece preciso aclarar que todas as decisións e partidas están plenamente xustificadas e non existe ningunha dúbida sobre a limpeza dos procesos. Con isto contribuirase a despexar calquera dúbida sobre a actuación das diferentes administracións e poder así dar unha boa imaxe da actuación institucional e que non sexa manchada polas actuacións irresponsables e inaceptables dos dirixentes condenados.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir o Goberno da Xunta de Galicia que todas as operacións e investimentos anunciados foron executados con transparencia e debidamente xustificados?

2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que os investimentos anunciados e publicitados para esta infraestrutura están debidamente xustificados dende o concepto de interese xeral?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:32:36
Nº Rexistro: 10199
Data envío: 08/02/2021 10:32:36.225

3. Existen outras infraestruturas similares en Galicia que poidan acreditar un nivel de investimento deste volume anunciado e publicitado por parte da Xunta de Galicia?

4. Tiña coñecemento a Xunta de Galicia do proceso xudicial con motivo das obras que foron contratadas no procedemento que motivou a condena a Rafael Louzán e Luisa Piñeiro no momento en que esta foi nomeada delegada da Xunta na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Carlos Francisco Rivera
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 10:27:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2021 10:27:54

Paloma Castro Rey na data 08/02/2021 10:28:03

Pablo Arangüena Fernández na data 08/02/2021 10:28:11

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:57
Nº Rexistro: 10208
Data envio: 08/02/2021 10:40:57.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas preventivas aplicadas pola Xunta de Galiza ás traballadoras ao servizo da administración galega para evitar o contaxio pola Covid.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A medida que a pandemia ía evolucionando tamén ía medrando o coñecemento sobre o virus Sars Cov 2 que a provocou, así como sobre a súa propagación e, xa que logo, as medidas de protección fronte ao contaxio. E por iso nun primeiro momento a Dirección Xeral de Sanidade da Xunta de Galiza consideraba totalmente innecesario o uso de máscara, entendendo protección abonda manter unha distancia de seguridade de 1,5 m., mesmo en lugares de traballo pechados.

Posteriormente apreciándose que o principal sistema para a transmisión do virus eran os aerosois e que as recomendacións anteriores foran tremendamente erradas, estableceuse a obriga de usar máscara e a necesidade de manter os espazos de traballo ventilados e cunha frecuente renovación do aire. Neste proceso evolutivo o Presidente da Xunta de Galiza nunha recente comparecencia parlamentaria amosouse partidario da esixencia do uso de máscaras FFP2 en lugares pechados, indicando a súa intención de transmitir tal apreciación ao Presidente do Goberno do Estado para que poda ordenar por lei o uso de tal máscara.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:57
Nº Rexistro: 10208
Data envio: 08/02/2021 10:40:57.006

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a consciencia do Goberno Galego da imperiosa necesidade do uso de máscara FFP2 para evitar o contaxio polo Covid, máxime ante as mutacións que está a experimentar e que presumiblemente potencian a súa capacidade de transmisión; resulta sorprendente a desatención que a Xunta de Galiza está a submeter ás súas propias traballadoras, ás que a duras penas facilita máscaras cirúrxicas.

Así e nomeadamente no ámbito da Administración de Xustiza, no que é habitual que cinco ou seis persoas partillen o mesmo habitáculo -ás veces sen ningunha ventilación natural-, a Xunta de Galiza non facilita ás súas traballadoras as máscaras que estima necesarias para evitar o contaxio, someténdoas a unha situación que o Presidente da Xunta considera de risco elevado.

A ausencia de material preventivo non se ve compensado, antes ao contrario, pola realización de controis ou pola áxil aplicación de medidas de illamento. Nos cribados realizados en distintas localidades non se está a incluír ao persoal da administración de xustiza destinado nas mesmas, sirva coma exemplo o acontecido en Verín, Ribadavia, O Carballiño ou A Coruña...

Igualmente detectados positivos en distintos xulgados de Galiza, non se realizaron probas ao resto das traballadoras do xulgado, nin se ordenou o seu confinamento, permitindo a continuidade no traballo co risco de contaxio que puidera implicar e que en algún caso deu lugar ao contaxio xeralizado do persoal destinado na unidade xudicial.

No Xulgado mixto de Verín a pesares de terse detectado un positivo nunha traballadora non se adoptou medida algunha respecto do resto do persoal que seguiu acudindo ao posto de traballando, situación que rematou coa metade da unidade

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:57
Nº Rexistro: 10208
Data envio: 08/02/2021 10:40:57.006

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contaxiada por coronavirus. Situación de ausencia de medidas de protección análoga á vivida noutros xulgados, aínda que o resultado non foi idéntico en todos os casos.

A pesares das reiteradas denuncias realizadas pola representación sindical das traballadoras a situación non mellora substancialmente, pois seguen sen dispor das máscaras que o Presidente da Xunta considera necesarias, non se lle realizan probas de control, e só nalgúns casos (acotío tras demanda sindical) tras detectarse un positivo se lle comunica ao cadro de persoal e se acorda o confinamento do mesmo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que tipo de máscaras pon a Xunta de Galiza a disposición das súas traballadoras?

. Cantas máscaras FFP2 puxo no mes de xaneiro a Xunta de Galiza a disposición do seu cadro de persoal?

. A que órganos xurisdicionais entregou a Xunta de Galiza máscaras FFP2?

. Que criterios se están a utilizar para a selección das persoas nas probas de cribado masivo?

. Canto tempo transcorreu entre a detección do primeiro caso positivo nos xulgados de Verín e a practica de probas PCR a todo o cadro de persoal?

. Canto tempo transcorre entre a detección dun caso positivo por covid nun xulgado e a comunicación ao resto das traballadoras de non acudiren ao seu posto de traballo?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:57
Nº Rexistro: 10208
Data envio: 08/02/2021 10:40:57.006

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 10:38:39

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 10:38:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/02/2021 10:38:53

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:08:34
Nº Rexistro: 10250
Data envio: 08/02/2021 13:08:34.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, **Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para garantir o servizo de transporte metropolitano nas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído no Concello de Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada dos novos convenios e contratos no eido do transporte colectivo, son moitas as eivas e as problemáticas que se atopa a sociedade galega á hora de facer uso do servizo de transporte.

O transporte colectivo é un servizo básico e fundamental que debería vertebrar o noso país dun xeito máis sostíbel e rendíbel que coa utilización do transporte privado.

Foron moitas as incidencias ocorridas coa implantación do novo convenio o 23 de decembro. A veciñanza das parroquias afectadas viron eliminada a súa liña de transporte da noite para a mañá, sen existir unha alternativa formulada polas administracións competentes, e deixando sen servizo a unha liña que viña operando por 50 anos, sendo unha liña de grande demanda e soportando unhas 140 usuarias ao días.

Esta liña correspondía ao servizo de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela, financiada pola Xunta de Galiza e na que a veciñanza podía utilizar a tarxeta do Transporte Metropolitano de Galiza, accedendo así ás bonificacións da mesma.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:08:34
Nº Rexistro: 10250
Data envio: 08/02/2021 13:08:34.949

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Concello de Ames presentou, por varias veces, alegacións ao Plan de Transporte Metropolitano, no seu proceso de exposición pública no ano 2017, pedindo a inclusión desta liña no plan, ademais de diferentes melloras no servizo. A Xunta de Galiza rexeitou estas alegacións e tampouco proporcionou ningún tipo de alternativa á veciñanza afectada pola eliminación da liña P2 que afecta ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído na súa conexión con Santiago.

O día 28 de xaneiro, a corporación municipal do Concello de Ames, aprobaba por unanimidade, unha moción presentada polo equipo de goberno e consensuada coas diferentes asociacións de veciños afectadas, instando á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias no transporte metropolitano ante a desaparición da liña urbana de Santiago que daba servizo ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído, as parroquias máis poboadas do Concello de Ames.

O servizo de transporte metropolitano é un servizo vital para as localidades próximas ás cidades galegas, xa sexa por motivos laborais, de estudos, administrativos etc, é un servizo moi utilizado pola poboación, e en ningún caso pode ser suprimido sen que as diferentes administracións aporten unha solución.

Dende o BNG entendemos que debe ser a Xunta de Galiza quen aporte unha solución a esta problemática mediante unha modificación no Plan de Transporte Metropolitano, tal e como facultan os propios pregos administrativos no punto 7, e que se cree unha nova liña que veña a reverter a situación que se vive no Concello de Ames con esta supresión.

Entendemos, esta liña de acción como prioritaria, para que a veciñanza das parroquias afectadas poidan facer uso dos descontos que o transporte metropolitano ten sobre o transporte urbano da cidade de Santiago, e que a mocidade de Ames poida

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:08:34
Nº Rexistro: 10250
Data envio: 08/02/2021 13:08:34.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

beneficiarse da gratuidade do servizo coa tarxeta "Xente Nova", a cal consideramos insuficiente en canto á cobertura na idade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cales foron os motivos polos que non se incluíu esta liña ao Plan de Transporte Metropolitano?

. Era coñecedora, a Xunta de Galiza, da decisión do Concello de Santiago de Compostela de eliminar esta liña?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para dotar do servizo de transporte colectivo á veciñanza das parroquias afectadas?

. Cal foi o motivo do rexeitamento das alegacións feitas polo Concello de Ames no ano 2017 para a inclusión desta liña no Plan de Transporte Metropolitano?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:08:34
Nº Rexistro: 10250
Data envio: 08/02/2021 13:08:34.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 13:06:02

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 13:06:05

Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 13:06:17

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:18:09
Nº Rexistro: 10255
Data envio: 08/02/2021 13:18:09.553

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En declaracións recollidas na páxina oficial da Xunta de Galicia a directora xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia facía unha valoración dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de Xaneiro de 2021 do seguinte tenor literal:

"Galicia, pese os efectos que a pandemia está causando no mercado laboral, iniciou o ano cunha baixada do paro do 1,90 % (-3.603 persoas) e cun aumento da contratación indefinida e a tempo completo con respecto a decembro de 2020. De feito, Galicia lidera a caída do paro no Estado na comparativa mensual e é unha das dúas comunidades, xunto con Baleares, nas que baixa o desemprego, mentres que en España crece (+1,96 %). En canto as afiliacións á Seguridade Social, a cifra sitúase a un nivel superior o reflexado fai dez anos (xaneiro 2011).

Na evolución mensual (comparativa xaneiro de 2021-decembro 2020), o desemprego descendeu por primeira vez en un mes de xaneiro desde 1996 e nas catro provincias, nas 7 grandes cidades, nos principais sectores económicos e nos colectivos prioritarios para a Xunta de Galicia: mulleres, menores de 30 años, maiores de 44 años e nos parados de longa duración."

Considera este grupo parlamentario que cando se quere falar do emprego con rigor hai que contemplar como evoluciona a afiliación e o paro. Esquecer unha das dúas variables é facer demagoxia e coa pandemia, non é decente.

Hai catro posibles situación no emprego nun mes:

- A mellor: que suba a afiliación e baixe o paro rexistrado.
- Menos boa: que suba a afiliación e suba o paro rexistrado.
- Mala: que baixe a afiliación e suba o paro rexistrado.
- A peor de todas: que baixe a afiliación e baixe o paro rexistrado.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 13:18:09
Nº Rexistro: 10255
Data envio: 08/02/2021 13:18:09.553

Resulta que estamos diante do peor escenario que se pode dar, baixa a afiliación en 9.823 persoas e tamén baixa o paro en 3.603 persoas. É dicir que en Galicia desapareceron do mercado laboral 13.426 persoas. E a Xunta de Galicia saca peito por elo.

En referencia o acontecido pódense dar varias circunstancias. A primeira delas é que esas persoas colleran unhas maletas como as que Feijóo regalou aos mellores expedientes universitarios e estean fóra de Galicia.

Tamén pode ser que se intercambien demandantes non ocupados e parados rexistrados, unha práctica que xa se fixo con anterioridade pola Consellería de Emprego.

O que tempos claro e que estamos diante do peor dato que se pode dar o caer o volume de persoas que poden sacar este país adiante.

Esta circunstancia supón unha anomalía que se ten producido oito veces dende 2004, ningunha cunha perda superior a 6.000 persoas, agás este mes, que ten unha perda de 13.426 persoas activas, dobrando o volume da anterior que foi de 5.871 persoas no mes de decembro de 2017.

Os datos sinalan que en termos interanuais o desemprego aumenta en 18.229 persoas, o 10,9 % máis, en Galicia. As cifras falan por si mesmas, 185.984 desempregados/as.

En termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 56,6 % do total de desemprego en Galicia, afectando a un total de 105.305 mulleres en Galicia fronte a 80.679 homes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que a pesares de que en termos interanuais a perda de afiliación anual en Galicia foi de 18.229 persoas, a directora xeral de Formación e Colocación valore positivamente os datos de desemprego?

2. Que valoración fai o Goberno galego de que en termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 56,6 % do total de

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desemprego en Galicia, afectando un total de 105.305 mulleres en Galicia fronte a 80.679 homes?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/02/2021 13:13:19

Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 13:13:27

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 13:13:37

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:43:02
Nº Rexistro: 10296
Data envio: 08/02/2021 16:43:02.788

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:43:02
Nº Rexistro: 10296
Data envio: 08/02/2021 16:43:02.788

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigar a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:43:02
Nº Rexistro: 10296
Data envio: 08/02/2021 16:43:02.788

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten a Xunta de Galiza coñecemento da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que impide a división en diferentes proxectos dun mesmo Parque Eólico para evitar as garantías ambientais?

- Pensa obrigar a realización dun estudo conxunto do impacto deses 40 aeroxeneradores e polo tanto un novo estudo do impacto ambiental dos mesmos?

- Ten a Xunta coñecemento da situación en que se atopa a Necrópole Megalítica do Monte do Gato, con 17 mámoas catalogadas e petróglifos que se verán afectados directamente por estes Parques?

- Que medidas pensa tomar para garantir a correcta catalogación dos bens patrimoniais da zona, despois de demostrarse que hai elementos aínda sen recoller nos catálogos de bens patrimoniais? Que medidas pensa tomar para garantir a súa conservación e posta en valor?

- É coñecedora a Xunta de Galiza de que 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella se atopan dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo?

- Que medidas vai adoptar para priorizar a boa saúde ambiental desta zona considerada hábitat de interese comunitario

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:43:02
Nº Rexistro: 10296
Data envio: 08/02/2021 16:43:02.788

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/02/2021 16:35:39

Daniel Castro García na data 08/02/2021 16:35:45

Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 16:35:56

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 17:35:36
Nº Rexistro: 10306
Data envio: 08/02/2021 17:35:36.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de avaliar a execución e os resultados do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 coa previsión de destinar un investimento directo por parte da Administración Pública dun total de 307 millóns de euros. Cunha media de 51 millóns de euros por anualidade, esta previsión orzamentaria supuña a consolidación dos recortes orzamentarios aplicados en materia de vivenda polo goberno de Feijóo dende o ano 2010, e que contrastan cos 201 millóns de euros destinados nos orzamentos para o ano 2009 ás políticas de vivenda.

Deixando a un lado as discrepancias que existen entre o goberno do PP e o noso grupo sobre a falta de ambición dese Plan Rehavita, que se reflicten na baixa porcentaxe de inversión dedicada ás políticas de vivenda e o deseño concreto das medidas contidas no Plan; é necesario elaborar unha avaliación da execución e resultados das propostas. A finalización da Plan Rehavita no pasado 2020 esixe, neste momento de impás no que se vai implementar un novo plan, elaborar unha avaliación sobre o alcance real das

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 17:35:36
Nº Rexistro: 10306
Data envio: 08/02/2021 17:35:36.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inversións programadas pola propia Xunta e do grao de consecución de obxectivos anunciados.

Dos 307 millóns de euros totais previstos, o Plan Rehavita definía o seguinte reparto: 107,5M€ destinados ao Eixo 1 Acceso á vivenda, 133,82 M€ destinados ao Eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, 63,60 M€ destinados ao Eixo 3 Prevención da exclusión residencial e 2,01 M€ ao Eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda.

Ano tras ano puidemos comprobar como o orzamento destinado aos programas de vivenda se saldan con datos de execución orzamentaria moi baixos sen que a Consellería dea explicacións ao respecto. Por iso, neste momento no que remata a vixencia do Plan Rehavita e a Xunta debe abordar a elaboración dunha nova planificación, cremos que resulta imprescindible facer unha avaliación do cumprimento da inversión prevista e as causas das fortes variacións entre o orzamentado e a execución real, que permitan corrixir en futuros plans estas desviacións.

Por outra banda, en aras da transparencia e do bo goberno debería ser a propia Xunta quen elaborase un documentos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos e das inversións previstas no Plan Rehavita de forma detallada. Entendemos que a renovación do Programa esixe a elaboración dun informe que funcione en dous sentidos: como rendición de contas pública e como análise e punto de situación para a elaboración do novo Plan de vivenda.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 17:35:36
Nº Rexistro: 10306
Data envio: 08/02/2021 17:35:36.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son os datos detallados da inversión real que o Goberno galego realizou entre 2015 e 2020 para dar cumprimento ao eixo 1 Acceso á vivenda do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. Cales son os datos detallados da inversión real que o Goberno galego realizou entre 2015 e 2020 para dar cumprimento ao eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. Cales son os datos detallados da inversión real que o Goberno galego realizou entre 2015 e 2020 para dar cumprimento ao eixo 3 Prevención da exclusión residencial do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. Cales son os datos detallados da inversión real que o Goberno galego realizou entre 2015 e 2020 para dar cumprimento ao eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. Ten o Goberno galego elaborado algún informe sobre o grao de cumplimento do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. Ten o Goberno galego algún informe no que se elabore un diagnóstico das causas das desviacións orzamentarias e unha avaliación do seu impacto sobre os obxectivos marcados.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 17:35:36
Nº Rexistro: 10306
Data envio: 08/02/2021 17:35:36.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten o Goberno galego elaborado algún informe sobre a eficacia das medidas que se recollían no Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

. O novo Plan de Vivenda 2021-2025 incorpora medidas de corrección das eivas detectadas no anterior plan?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 17:25:57

Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 17:26:03

Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 17:26:10

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:19:22
Nº Rexistro: 10316
Data envio: 08/02/2021 18:19:22.535

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai tres prazas de cardioloxía, non obstante a día de hoxe o hospital só conta cun único cardiólogo que só atende as urxencias, tal e como veñen de denunciar pacientes e a Plataforma Sanitaria da Mariña.

En setembro de 2020 un dos cardiólogos do hospital da Mariña solicitou unha excedencia, sen que a día de hoxe o Sergas cubrise esta vacante. A finais do ano 2020 o Sergas afirmaba que a atención na área de cardioloxía se atopaba garantida polo feito de que quedaban dous cardiólogos no hospital.

Dende hai 15 días, debido a una incapacidade temporal, tamén falta a segunda cardióloga que forma parte deste servizo, co que queda un único cardiólogo no servizo de cardioloxía no hospital da Mariña, que só atende urxencias.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno galego que a atención no servizo de cardioloxía do hospital da Mariña se atopa garantida nestas condicións?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:19:22
Nº Rexistro: 10316
Data envio: 08/02/2021 18:19:22.535

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

2ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego para garantir que os enfermos con patoloxías cardíacas reciban a asistencia que necesitan?

3ª) Cando pensa o Goberno galego cubrir as tres prazas de cardiólogos que existen no hospital da Mariña?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2021 12:55:28

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 12:55:42

Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 12:55:53

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:22:08
Nº Rexistro: 10322
Data envio: 08/02/2021 18:22:08.918

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A comarca do Sar, conformada polos concellos de Padrón, Dodro e Rois, non conta cun servizo esencial básico como é unha residencia para persoas maiores, un recurso asistencial necesario en zonas especialmente envellecidas como esta.

A Consellería de Política Social e o Concello de Padrón formalizaron en outubro de 2020 o convenio polo que a Xunta colaborará coa entidade local no financiamento da redacción do proxecto para a construción dunha residencia de maiores no municipio achegando a cantidade de 18.000 euros.

En principio, a residencia emprazarase nunha parcela de 6.000 metros cadrados que o Concello dispón na zona da antiga azucreira, en Iria-Flavia, e dará acubillo a 60 persoas, un número que se debería incrementar a, polo menos, 80 prazas, dada a gran demanda deste servizo na zona e por ser Padrón un concello capital de comarca cunha poboación, como en tantos lugares de Galicia, preocupantemente envellecida.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle a vacilación do alcalde do concello padronés ao respecto da xestión da residencia en diversas comparecencias públicas. Se en 2019 comezaba asegurando que sería "difícil" que a residencia fose pública e apostaba por un modelo mixto de uso, xa a mediados do ano 2020 el e mais a conselleira afirmaban que a xestión sería pública, concretamente municipal.

Á vista de todos os problemas e conflitos xurdidos na pandemia sobre a xestión privada ou mesmo mixta das residencias de maiores, entendemos que o Goberno galego debería asumir ou polo menos exercer unha exhaustiva tarefa de control sobre as residencias, e aínda máis sobre as de nova creación nas que dalgún xeito contribuíu financeiramente.

Por outra banda, hai que esixir a cobertura xeográfica de todo o noso territorio con prazas públicas en residencias, que son as que garanten o acceso a este servizo de todas as persoas que o precisen.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:22:08
Nº Rexistro: 10322
Data envio: 08/02/2021 18:22:08.918

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que en toda a comarca do Sar non exista ningunha residencia para persoas maiores?

2ª) Ten prevista o Goberno galego algunha acción nesta lexislatura para remediar a carencia deste servizo esencial?

3ª) Ten previsto o Goberno galego a construción dunha residencia pública no concello de Padrón?

4ª) Colaborará a Consellería de Política Social na construción da residencia de maiores prevista no concello de Padrón?

5ª) De ser finalmente privada, asegurará o Goberno galego unha parte importante de prazas públicas nesa futura residencia? En que porcentaxe?

6ª) Dada a gran demanda que deste servizo existe na comarca do Sar, considera necesario que se incremente o número de prazas iniciais de 60 a 80?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/02/2021 14:05:04

Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 14:05:19

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 14:05:32

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 09:38:10
Nº Rexistro: 10336
Data envio: 09/02/2021 09:38:10.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións a realizar para evitar a creba da frota do palangre de superficie.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do Parlamento galego acordou, en outubro pasado, "Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central e da Comisión Europea a análise de medidas de protección do marraxo dientuso que non leven ao quebranto económico da frota e que teña en conta todas as medidas de xestión sostíbel que as diferentes ORP e a UE teñen adoptado en favor desta especie".

Daquela, a situación da frota galega de palangre de superficie xa era preocupante por mor de que o Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) impedíalle comercializar o marraxo almacenado e que capturara legalmente coa autorización do Ministerio de Pesca baixo as prescricións do ICCAT.

Hai que lembrar que o marraxo non ten oficialmente imposto TAC nin tampouco cotas, aínda que si determinadas limitacións e certos obstáculos ás transaccións comerciais.

A día de hoxe, continúa sen haber saída para o marraxo que está almacenado e capturado no 2020 e nin o propio ministro de Pesca, que visitou Galiza a mediados de

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 09:38:10
Nº Rexistro: 10336
Data envio: 09/02/2021 09:38:10.625

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xaneiro, foi quen de aclarar nada nin de dar solución algunha ao respecto. E así o suma e segue prolongouse ata ben entrado o mes de xaneiro no que a frota aínda non coñecía cales serían as directrices para o 2021 mentres permanecía a pagar os altos custos de almacenamento das capturas sen comercializar do ano anterior.

120 buques galegos e más de 850 tripulantes recibiron a noticia por parte do MITECO da negativa a poder comercializar o marraxo almacenado e a comunicación de que o cupo para 2021 no Atlántico Norte será cero. Na práctica, esta decisión aboca ao estrago do peixe almacenado e, por outro lado, a poñer en cuestión a continuidade e viabilidade de parte da frota palangreira galega que neste momento está xa a falar claramente de despeces e abandono da actividade.

Un cupo cero que foi proposto polo MITECO como autoridade científica CITES española ao grupo de revisión científica da Unión Europea (GRC), obviando o seu propio informe científico de comezos de 2020 (DENP para 2020), que concluía que para evitar a sobrepesca a frota do Estado español non debía superar o volume de capturas de 350 toneladas, e tendo en conta unicamente criterios de sostibilidade ambiental sen procurar tamén a económica e a social dunha frota que se somete a rigorosos controis e colabora coa comunidade científica dende hai moitos anos, que cumpre coa normativa vixente en canto ao rexistro das súas capturas e posterior transmisión electrónica dos datos da súa actividade pesqueira mediante o diario electrónico de a bordo (DEA), que conta con cámaras a bordo e con todos os demais elementos que se lle exixen e que, polo tanto, ven contribuíndo dende hai tempo á sostibilidade das pesquerías.

E así, diante da proposta do MITECO -Ministerio do Estado que, xunto con Portugal, realiza máis do 50% das capturas anuais de marraxo dientuso no stock do Atlántico Norte-, as autoridades científicas da UE coordinadas por CITES, elaboran unha proposta para a UE de cara a 2021 onde barallan dúas posibilidades: O

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 09:38:10
Nº Rexistro: 10336
Data envio: 09/02/2021 09:38:10.625

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

establecemento da cota cero ou permitir un volume de capturas de 295 toneladas para a Unión Europea. Finalmente, o moi activo papel do MITECO desembocou na decisión de restrinxir totalmente as capturas.

A opción do MITECO relativa ao establecemento dunha total prohibición da exportación do marraxo resulta absolutamente incomprensíbel pois, malia a evidente necesidade de establecer medidas de protección e conservación da especie que garantan a súa recuperación, os expertos consideraban que a redución das capturas permitiría igualmente a consecución dese obxectivo e, ademais, daríase cobertura ás capturas accidentais nas pesquerías doutras especies e evitaríase devolver os exemplares morto ao mar.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da negativa do MITECO a autorizar a comercialización do marraxo que a frota galega capturou legalmente no 2020 e ten almacenado dende aquela?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da imposición, a proposta do MITECO como autoridade científica CITES, da cota cero de capturas de marraxo no Atlántico Norte para 2021?

. Ten elaborado algunha análise e/ou estudo das repercusións desas decisións na frota galega de palangre de superficie? Se é así, cales son as conclusión?

. Que alternativas valora para a frota galega de palangre de superficie diante das restricións que soporta?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 09:38:10
Nº Rexistro: 10336
Data envio: 09/02/2021 09:38:10.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas vai implementar no futuro inmediato a Consellaría do Mar para paliar a crítica situación na que se atopa a mencionada frota?

. Está disposto o goberno galego a exixir ao MITECO a autorización inmediata para que a frota poda comercializar o marraxo capturado legalmente e agora conxelado e procesado?

. Que actuacións ten previstas para evitar a inminente creba da frota galega de palangre de superficie?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 09/02/2021 09:34:41

María do Carme González Iglesias na data 09/02/2021 09:34:46

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 09:38:10
Nº Rexistro: 10336
Data envio: 09/02/2021 09:38:10.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 09/02/2021 09:34:51

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:03:24
Nº Rexistro: 10348
Data envio: 09/02/2021 10:03:24.235

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións a realizar debido á mortaldade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro das rías de Arousa e Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varias praias da ría de Arousa e da ría de Pontevedra víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Carril, Vilagarcía, Pontevedra ou Poio quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Una presa que carece de comportas e funciona cun sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso das praias de Rianxo, a mortaldade cóntase por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba, afectando sobre todo á cría de berberecho e comprometendo moi seriamente a campaña do vindeiro verán.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:03:24
Nº Rexistro: 10348
Data envio: 09/02/2021 10:03:24.235

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de Carril e Vilagarcía, ademais da baixa salinidade, moito marisco foi arrastrado polos temporais e as perdas tamén son grandes no caso do berberecho, mais no caso da ameixa babosa son aínda maiores.

Aquí, a mortaldade dos últimos días veu a agudizar unha situación xa crítica dos recursos marisqueiros das concesións da agrupación de mariscadoras de Carril.

Este colectivo xa aturou unha sucesión de temporais no inverno de 2019 que danaron de moita consideración os bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia de Compostela-A Concha, producíndose xa daquela unha mortaldade altísima de berberecho, ameixa fina, babosa e xapónica.

A maiores, en outubro de 2020, os novos temporais converteron a situación en insostíbel pola acción combinada de acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.

A día de hoxe, as consecuencias destas reiteradas inclemencias en pouco tempo son un nivel de produción baixísimo e unha agrupación de 86 persoas que, despois de realizar un investimento de 80.000 euros de semente no banco de Compostela-A Concha, levan dende outubro paradas, moitas delas de baixa e moitas outras recorrendo aos servizos sociais para poder vivir.

Unha agrupación que, por esa acumulación de motivos, solicitou no seu día o cese de actividade á Consellaría do Mar por un período de seis meses nos dous bancos marisqueiros que explota para posibilitar e facilitar a recuperación dos mesmos e que obtivo un non por resposta, en contra do voto favorábel da maioría da propia agrupación. E diante da súa desesperada situación, a Consellaría tampouco tivo en conta o recurso de alzada que presentou abocándoa a acudir aos tribunais na procura dunha resolución ao conflito.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:03:24
Nº Rexistro: 10348
Data envio: 09/02/2021 10:03:24.235

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E, por último, as confrarías de Lourizán, San Telmo e Raxó, na ría de Pontevedra, manteñen os seus bancos pechados pola grande mortaldade de ameixa xapónica tamén provocada pola baixa salinidade da auga que lles impide mariscar por mor de non mover o substrato e non crear máis problemas aínda. Aquí suspenderon o marisqueo de xeito temporal agardando as vindeiras mareas vivas e coa expectativa da recuperación do marisco.

A todo isto debemos sumar a problemática xeral que ten provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos das mariscadoras e mariscadores.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que protocolo segue a Xunta de Galiza para realizar unha avaliación e un seguimento preciso da mortaldade de marisco nas rías galegas?

. Que medidas concretas adoptou e vai a adoptar para enfrontar a situación da mortaldade de moluscos derivada do exceso de auga doce e a baixa salinidade nas rías de Arousa e Pontevedra após os últimos temporais? E cales diante da previsíbel caída de ingresos do sector nesas rías?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:03:24
Nº Rexistro: 10348
Data envio: 09/02/2021 10:03:24.235

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. No caso das concesións da agrupación de mariscadoras de Carril, que agora viron agravada a súa xa precaria situación, que medidas de recuperación do recurso e de amparo ás traballadoras vai poñer en marcha?

. Que actuacións emprendeu ou vai emprender para evitar o exceso de aporte de auga doce procedente da presa de Portodemouros?

. Ten o Goberno galego algunha estratexia concreta para a recuperación da poboación de moluscos nas rías galegas?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/02/2021 09:56:37

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 09:56:43

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:03:24
Nº Rexistro: 10348
Data envio: 09/02/2021 10:03:24.235

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 09/02/2021 09:56:50

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:30:43
Nº Rexistro: 10359
Data envio: 09/02/2021 10:30:43.874

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

No contexto actual desta crise sanitaria, o turismo sanitario sae reforzado, xa que os e as turistas preocúpanse cada vez máis por buscar destinos que, ao mesmo tempo que un período de descanso e goce, poidan axudalos a contribuír a levar un estilo de vida saudable e preventiva. Estas características atópanse na nosa Comunidade Autónoma.

Os balnearios son unha interesante alternativa vacacional para desestacionalizar o turismo, que medraba a un ritmo sostido, antes desta crise sanitaria producida pola covid-19, e cuxa materia pendente é atraer turistas estranxeiros ás súas instalacións.

O turismo termal combina perfectamente con outros produtos como o turismo rural ou de natureza e intégrase na oferta turística de proximidade que actualmente é o que solicita o turista. Este turismo tamén pode potenciar as casa rurais e os hoteis.

A Xunta de Galicia debería utilizar o turismo termal como unha forma de desestacionalizar o turismo galego, para lograr unha distribución equilibrada de visitantes ao longo do ano e unha mellor distribución xeográfica en todo o territorio.

O Executivo autonómico ten que deseñar e planificar programas de axuste estacional con obxectivos a medio e longo prazo. E pode facelo a través do turismo termal.

A Consellería de Turismo debería facer unha modificación orzamentaria e crear unha partida nos orzamentos deste ano para o desenvolvemento dun plan estratéxico termal para as catro provincias, un eixo turístico fundamental para a provincia de Ourense, o turismo termal non pode quedar fora dos orzamentos da Xunta de Galicia, non se pode abandonar a nosa riqueza termal.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:30:43
Nº Rexistro: 10359
Data envio: 09/02/2021 10:30:43.874

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

Vai elaborar a Xunta de Galicia un plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias e así, incentivar o turismo termal en cada provincia da nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 10:09:26

Martín Seco García na data 09/02/2021 10:09:33

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 10:32:58
Nº Rexistro: 10364
Data envio: 09/02/2021 10:32:58.302

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

No contexto actual desta crise sanitaria, o turismo sanitario sae reforzado, xa que os e as turistas preocúpanse cada vez máis por buscar destinos que, ao mesmo tempo que un período de descanso e goce, poidan axudalos a contribuír a levar un estilo de vida saudable e preventiva. Estas características atópanse na nosa Comunidade Autónoma.

Os balnearios son unha interesante alternativa vacacional para desestacionalizar o turismo, que medraba a un ritmo sostido, antes desta crise sanitaria producida pola covid-19, e cuxa materia pendente é atraer turistas estranxeiros ás súas instalacións.

A Xunta de Galicia debería utilizar o turismo termal como unha forma de desestacionalizar o turismo galego, para lograr unha distribución equilibrada de visitantes ao longo do ano e unha mellor distribución xeográfica en todo o territorio.

O Executivo autonómico ten que deseñar e planificar programas de axuste estacional con obxectivos a medio e longo prazo. E pode facelo a través do turismo termal.

O Plan Ourense Provincia Termal, aprobado no Consello da Xunta en xullo de 2014 rematou no 2020.

En Ourense fai falta un compromiso da Xunta de Galicia no ámbito do termalismo, están nunha situación que pode derivar en que a máxima riqueza que teñen na provincia caia no absoluto abandono se non hai un claro respaldo autonómico, por iso é necesario que a Xunta de Galicia se comprometa a poñer sobre a mesa investimentos reais no marco dun Plan Estratéxico Termal para Ourense.

A Consellería de Turismo debería facer unha modificación orzamentaria e crear unha partida nos orzamentos deste ano para o desenvolvemento dun Plan

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Estratéxico Termal de Ourense, un eixo turístico fundamental para a provincia de Ourense, o turismo termal non pode quedar fora dos orzamentos da Xunta de Galicia, non se pode abandonar a nosa riqueza termal.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai elaborar a Xunta de Galicia un novo plan estratéxico termal para Ourense como eixo turístico fundamental da provincia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 10:13:57

Marina Ortega Otero na data 09/02/2021 10:14:03

Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/02/2021 10:14:13

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/02/2021 10:14:23

Martín Seco García na data 09/02/2021 10:14:32

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:07:29
Nº Rexistro: 10369
Data envio: 09/02/2021 11:07:29.081

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O día 6 de marzo de 2019 o alcalde da Guarda, reuniuse coa conselleira do Mar e o presidente de Portos de Galicia, para trasladarlles a necesidade dunha infraestrutura que dea acceso e saída ao Porto da Guarda.

Nesta reunión o edil guardés indicoulles que grazas á colaboración da Deputación de Pontevedra, xa se conta cun proxecto para esta infraestrutura, cun orzamento que ascende a 2.415.892,22 €. O proxecto propón unha conexión entre o porto pesqueiro e a estrada PO-552, de circunvalación ao Monte Trega, polo sur do porto da Guarda, atravesando unha zona con moi escasa densidade de edificacións por terreos que na actualidade non teñen aproveitamento agrícola ou inmobiliario. A vía proposta consta dunha unha plataforma de 12,30 m de ancho que entre outros elementos terá unha zona rodada para vehículos de 6 m de ancho e unha senda peonil de 2,5 m. A intersección do novo acceso coa estrada PO-552 resólvese cunha rotonda.

Esta infraestrutura é fundamental para dar acceso ao porto da Guarda. Desde o Consistorio enténdese que ademais da pesca e da actividade das redeiras existen outras actividades, importantes para o tecido económico da vila. Os colectivos que amosaron máis interese por esta infraestrutura foron a Confraría e as redeiras, que empregan estes viais para o transporte de redes e marisco.

O 15 de xaneiro do 2020 representantes das asociacións guardesas, ORPAGU, Piueiro, Alagua e a Confraría de Pescadores, encabezados polo alcalde da Guarda tiveron outra reunión en Santiago coa conselleira do Mar e a presidenta de Portos de Galicia, para trasladarlle as demandas da cidadanía guardesa, en relación ao futuro do porto, expresadas a través das súas asociacións. Así mesmo o alcalde solicitou, unha vez máis, o apoio da conselleira para a construción do vial de acceso sur ao porto.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:07:29
Nº Rexistro: 10369
Data envio: 09/02/2021 11:07:29.081

O pasado 23 de xullo de 2020 o alcalde da Guarda, mantivo unha reunión en Santiago de Compostela coa presidenta do ente público Portos de Galicia.

Nesta reunión trataron, outra vez, do acceso sur ao Porto da Guarda. O alcalde entregou o proxecto xunto con informes sectoriais dos que dispón e volveu solicitar á presidenta a participación de Portos para sacar adiante esta obra, necesaria para o normal desenvolvemento da actividade portuaria. O proxecto desta infraestrutura foi redactado na anterior lexislatura pola Deputación Provincial de Pontevedra e na actualidade está pendente dos informes sectoriais e correccións propostas.

A actividade pesqueira e marisqueira na Guarda non vai a ir a menos, a previsión é que no futuro aumente a actividade económica do porto dado as grandes posibilidades que ofrece tanto a nivel comercial como turístico. Por este motivo, en agosto de 2019 xurdiu na Guarda un movemento civil apoiado polas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais, e polo propio concello, que ten como obxectivo conseguir melloras para o seu porto que permitan un uso máis intensivo do porto, tanto para profesionais como para uso náutico e deportivo, e que actúe como o motor económico da localidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai realizar a Consellería do Mar no primeiro semestre de 2021 a construción do vial de acceso sur ao porto da Guarda?
2. Por que a Consellería do Mar non incluíu nos orzamentos do 2021 o vial de acceso sur ao porto da Guarda?
3. Canto leva investido a Consellería do Mar nos accesos do porto da Guarda nos últimos tres anos?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 11:00:57

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2021 11:01:02

Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 11:01:09

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:09:24
Nº Rexistro: 10374
Data envio: 09/02/2021 11:09:24.315

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Na vila de Nigrán as beirarrúas de titularidade autonómica da PO-552 están totalmente abandonadas no seu tramo por Priegue e no seu tramo por A Ramallosa. Estas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

O Goberno municipal de Nigrán intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovara estas beirarrúas nos seus diferentes tramos, sen ter ningunha resposta. Esta demanda lévase facendo ano tras ano.

O Concello solicitou varias veces a mellora dos tramos para seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila. Estas peticións xa foron trasladadas en varias ocasións. A última reclamación destas infraestruturas foi o pasado mes de novembro na xuntanza que mantiveron o alcalde e a delegada da Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladamos á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 estas emendas para dotar de novas beirarrúas a PO-552 ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, ao atoparse en moi mal estado tras máis de 30 anos de construción das mesmas e sen ser reparadas. A realidade é que son totalmente inaccesibles, rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. A Xunta de Galicia ten que arranxar esta beirarrúas de titularidade autonómica situadas no Concello de Nigrán para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto esiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible na beirarrúa PO-552.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia realizar no primeiro semestre do ano a obra de renovación da beirarrúa PO-552 no seus tramos de Priegue e de A Ramallosa que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Nigrán?
2. Por que a Xunta de Galicia non incluíu nos orzamentos do 2021 a obra de renovación da beirarrúa PO-552 no seus tramos de Priegue e de A Ramallosa?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 11:04:10

Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 11:04:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2021 11:04:26

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:46:40
Nº Rexistro: 10376
Data envio: 09/02/2021 11:46:40.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as citacións para a realización de cribados en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se informa os días 23 e 24 de xaneiro foron convocados polo Servicio Galego de Saúde 8.000 veciños e veciñas da cidade de Ourense para a realización de probas PCR ou de antíxenos para a detección de coronovirus en persoas asintomáticas. Resultou que da totalidade das 8.000 persoas supostamente citadas compareceron 5.119, o que representan a ausencia de máis dun 35% das convocadas.

Coa mesma finalidade o pasado fin de semana foron teoricamente citadas ás instalacións de Expourense 12.000 persoas das localidades de Ourense, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén para a práctica de novas probas de detección de coronovirus. Nesta ocasión compareceron pouco máis de 7.000 das 12.000 persoas citadas, o que representa unha porcentaxe de ausencia superior á do cribado precedente.

A atención á convocatoria do Sergas resulta contraditoria coa actitude cidadá de escrupuloso e maioritario respecto que a cidadanía de Ourense está a manter coas limitacións á mobilidade que se están a ordenar dende a Xunta de Galiza, así como con toda instrución emanada da autoridade sanidade e/ou administrativa.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:46:40
Nº Rexistro: 10376
Data envio: 09/02/2021 11:46:40.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo, a evolución experimentada polo virus nas últimas semanas cun número de contaxios que case duplica ao existente ao inicio do ano; a cifra de pasamentos sufridos nas últimas semanas, que supoñen o 50% dos habidos en todo o ano 2020; fai dubidar que a falla de atención á citación fora debida á exclusiva vontade das convocadas.

Xa que logo o sistema de comunicación utilizado, o descoñecemento total das circunstancias persoais e de residencia efectiva da destinataria, así como a actualización do teléfono da destinataria, unido a imposibilidade de resposta inmediata que posibilitara advertir ao convocante dun eventual erro permiten deducir que poden ser estes os motivos de tan numerosas ausencias, e non atribuíble en ningún caso a unha falla de dilixencia cidadá ou a un desinterese pola saúde propia e dos próximos ou da colectividade, como se está a insinuar dende diferentes instancias.

Non resulta concebible que ante o resultado da primeira convocatoria se reproducise a mesma empregando os mesmos sistemas e, xa que logo, incorrendo nas mesmas eivas e co mesmo resultado.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. A xuízo da Xunta de Galiza, cal foi a razón ou razóns pola que as convocatorias para os cribados só foron atendidas por un 60% das persoas convocadas en Ourense?

. Existen indicios que permita pensar a falla de atención á convocatoria foi voluntaria e inxustificada?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:46:40
Nº Rexistro: 10376
Data envio: 09/02/2021 11:46:40.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten constancia a Xunta de Galiza de que todas as mensaxes de citación foron efectivamente recibidas polas destinatarias?

. Que modificacións introduciu o Goberno Galego no sistema de citación utilizado na primeira convocatoria para mellorar a sua eficacia na segunda?

. Que comprobacións realizou a Xunta de Galiza para determinar a actualización dos dados utilizados ou se concorrían razóns ou desprazamentos que impedisen atender as citacións recibidas?

. O sistema de notificación utilizado permitía a comunicación bidireccional?

. Con que antelación remitiu as comunicacións á destinataria?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 11:46:40
Nº Rexistro: 10376
Data envio: 09/02/2021 11:46:40.420

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 11:41:27

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 11:41:35

Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2021 11:41:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/02/2021 11:41:49

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:12:45
Nº Rexistro: 10383
Data envio: 09/02/2021 12:12:45.502

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Fortalecer a atención primaria faise se cabe máis necesario na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola covid-19.Non obstante, estamos a ver que o Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polos peches de centros de saúde ou pola non cobertura das baixas dos profesionais sanitarios de atención primaria.

En xaneiro de 2020 o Sergas anunciaba que o centro de saúde de Burela tamén abriría e pasaríanse consultas polas tardes a partir do mes de febreiro, en horario de 14:00 a 21:00 horas de luns a venres e para iso contrataríanse tres novos profesionais: un médico de familia, un profesional de enfermería e unha persoa de servizos xerais.

Agora mesmo este servizo de atención médica na quenda de tarde reduciuse e só se presta de martes a xoves durante 3 horas. Trala baixa dun facultativo no horario de mañá cubriuse a quenda matinal a costa da vespertina.

Usuarios da cota médica da quenda de tarde do centro de saúde de Burela din non seren informados desta situación e lamentan a perda de citas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten intención o Goberno galego de recuperar de xeito urxente o servizo de atención médica que se viña prestando de luns a venres, en horario de 14:00 a 21:00 horas, no centro de saúde de Burela?

2ª) Cando prevé o Goberno galego abrir a atención primaria de maneira presencial en Burela?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:12:45
Nº Rexistro: 10383
Data envio: 09/02/2021 12:12:45.502

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 10:45:04

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2021 10:45:18

Marina Ortega Otero na data 09/02/2021 10:45:28

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:36:13
Nº Rexistro: 10387
Data envio: 09/02/2021 12:36:13.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dotar ao servizo de cardioloxía do Hospital da Mariña dos profesionais sanitarios necesarios para ofrecer unha atención de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do mes de febreiro o persoal do Hospital da Mariña era coñecedor de que o servizo de cardioloxía quedaba case baleiro ao contar soamente con un profesional, que aínda por riba só atende urxencias. Mais esta problemática xa viña arrastrada desde hai tempo, xa que desde antes de setembro do 2020 o hospital contaba con tres profesionais que xa non eran capaces de atender as necesidades da comarca, levando a unha grande precariedade dos servizos sanitarios e xerando listas de agarda de até 2 anos para probas diagnósticas coma ecocardiogramas ou probas de esforzo. Esta situación tan preocupante xa se facía notar cando se contaba con tres especialistas en cardioloxía, un número que se vería reducido en setembro ao solicitar un dos profesionais unha excedencia, deixando unha praza libre que en ningún momento foi cuberta. Do mesmo xeito, como se dixo anteriormente, a comezos de febreiro fíxose saber que este servizo quedaría cun só facultativo debido a unha baixa transitoria da outra profesional coa que contaba cardioloxía, unha profesional que tamén se verá soa á súa volta debido a que o cardiólogo que está a traballar só a día de hoxe vai xubilarse en pouco tempo, polo que esta situación de absoluta precariedade vai repetirse de novo dentro duns meses.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:36:13
Nº Rexistro: 10387
Data envio: 09/02/2021 12:36:13.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por desgraza, este é só un dos múltiples déficits e eivas que presenta o Hospital da Mariña, un hospital que día a día está vendo reducidos os servizos e prestacións que lle pode ofrecer á sociedade mariñá, a pesar de contar coa xa famosa ampliación de infraestruturas, que na realidade non foi outra cousa que un aumento de metros cadrados cunha diminución da calidade da nosa sanidade pública.

Por todo isto e polo inmenso perigo que supón ter soamente un só cardiólogo para máis de setenta mil habitantes que ten a comarca da Mariña, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita :

. Está disposta a Xunta de Galiza a dotar ao Hospital da Mariña con máis profesionais en cardioloxía que garantan os recursos humanos, materiais e tecnolóxicos e a atención ao paciente tanto en calidade como en proximidade?

. Porque o goberno da Xunta de Galiza non cubriu inmediatamente as prazas de cardioloxía que quedaron sen profesionais?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:36:13
Nº Rexistro: 10387
Data envio: 09/02/2021 12:36:13.414

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 12:15:04

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 12:15:08

Daniel Castro García na data 09/02/2021 12:15:16

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:46:39
Nº Rexistro: 10441
Data envio: 09/02/2021 13:46:39.864

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de crear unha praza estrutural de enfermeira/o especialista en - xinecoloxía (matrón/a) no centro de saúde de Foz.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asistencia sanitaria é un dos servizos básicos que máis valoran os cidadáns e cidadás en todos os estándares de calidade de vida. Por esta razón, desde o BNG non podemos entender a eiva histórica que sufre o concello de Foz no que atinxe aos servizos sanitarios, e dicimos isto porque, alén da perda da ambulancia nocturna, sumouse a perda das urxencias de tarde, a perda do TES da ambulancia medicalizada, a perda dunha praza de auxiliar de enfermería, a xa sistemática non cobertura das baixas, (ou coberturas parciais por medias xornadas durante meses), a non cobertura da redución de xornada do Servizo de Pediatría, a carencia sistemática de PSX para a atención nas citacións e un longo etcétera.

A esta inmensa lista de necesidades que presenta a sanidade focega hai que sumar a inexistencia dun ou dunha especialista en obstetricia – xinecoloxía. Esta é unha categoría profesional recoñecida que ten por riba das funcións que realizan na atención ao parto, outras que realizan na atención primaria e que son de enorme importancia para a saúde reprodutiva das mulleres, xa que se poden encargar de realizar citoloxías,

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:46:39
Nº Rexistro: 10441
Data envio: 09/02/2021 13:46:39.864

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informar sobre métodos anticonceptivos, ser asesoras no climaterio ou coordinar esforzos para a detección do cancro de cérvix.

Desde o Bloque Nacionalista consideremos que a existencia dun ou dunha matrón/a é de especial necesidade porque son eles e elas as que teñen formación específica para atender a saúde reprodutiva das mulleres e son as que interveñen, aconsellan e axudan na saúde sexual, na prevención de lesións do chan pélvico, na menopausa ou na planificación familiar. Ademais, informan sobre técnicas de coidado dos bebés e da súa crianza, sendo fundamentais para que as mulleres teñan información e axuda coas súas lactancias.

A ausencia de matrón/a nun concello como o de Foz, cunha natalidade das máis altas da provincia segundo os dados do Instituto Galego de Estatística, é indefendible e supón unha clara discriminación con respecto a outros concellos. Máis aínda se temos en conta que o Centro de Saúde de Foz tiña e ten espazo físico para esta figura, unha figura que nunca foi dotada.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Está disposta a Xunta de Galiza a crear unha praza de enfermeira/o especialista en obstetricia- xinecoloxía (Matrón/a) no Centro de Saúde de Foz?

. Cal é a razón pola cal non se repuxeron todos os servizos sanitarios detraídos do concello de Foz?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:46:39
Nº Rexistro: 10441
Data envio: 09/02/2021 13:46:39.864

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 13:40:44

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 13:40:48

Daniel Castro García na data 09/02/2021 13:40:54

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10455
Data envio: 09/02/2021 16:10:33.394

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O estado de abandono e desleixo no que se atopa a estrada PO-546, coñecida coma a estrada vella Pontevedra-Marín, non é algo novo.

Esta situación vén sendo denunciada polos veciños e veciñas afectados e polo Concello de Pontevedra durante anos, solicitando unha actuación inmediata por parte da Xunta de Galicia.

Pero esta actuación non chega, a única actuación que fixo a Xunta de Galicia nos últimos anos foi a limpeza e reparación dalgunhas marxes da estrada, tarefas que nada melloran o estado no que se atopa, nin reducen o risco de sinistralidade.

O estado no que se atopa esta estrada segue a ser lamentable, e isto entraña un grave risco xa que se trata dunha estrada que soporta o paso de máis de 200 camións de gran tonelaxe que entran e saen diariamente da empresa Ence, o que acelera o deterioro do firme, ao que se suma os problemas de seguridade viaria para a veciñanza, e as persoas usuarias, coma é o caso dos ciclistas.

Esta estrada é moi utilizada para la práctica do ciclismo, xa que na autovía de Marín esta prohibido este tipo de vehículo, obrigando a este colectivo a ter que usar este firme, co estado no que se atopa e co perigo que supón.

A maiores é necesario o mantemento e limpeza destas beirarrúas, xa que no estado no que se atopan son susceptibles de provocar accidentes entre viandantes, entre os que se atopan moitos escolares.

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10455
Data envio: 09/02/2021 16:10:33.394

E o acondicionamento e reposición da sinalización horizontal e vertical, medidas de calmado de tráfico o la instalación de pasos de peóns elevados.

A pesar desta situación o Goberno galego non inviste o mantemento desta infraestrutura.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia, no ano 2021, levar a cabo algún tipo de actuación na estrada PO-546?
2. Considera a Xunta de Galicia que as condicións na que se atopa o firma e as beirarrúas desta estrada, cumpren as mínimas esixencias de seguridade viaria?
3. Considera a Xunta de Galicia que unha estrada cun volume de tránsito coma a PO-546, debería ter unhas revisións e acondicionamento periódico?
4. Cando levou a cabo o Goberno da Xunta de Galicia a última actuación nesta estrada? En que consistiu dita actuación?
5.Ten pensado a Xunta de Galicia no ano 2021 reparar o firme da estrada PO-546?
6. Ten pensado a Xunta de Galicia no ano 2021 levar a cabo traballos de mantemento e limpeza das súas beirarrúas? Que actuacións vai facer?
7. Ten pensado a Xunta de Galicia no ano 2021 repoñer a sinalización horizontal e vertical ou medidas de calmado de trafico?
8. Ten pensado a Xunta de Galicia no ano 2021 instalar pasos de peóns elevados, para mellorar así a seguridade dos peóns?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/02/2021 14:34:40

Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 14:34:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2021 14:34:57

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 10:05:51
Nº Rexistro: 10493
Data envio: 10/02/2021 10:05:51.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a inclusión dos establecementos comerciais polo miúdo de produtos hixiénicos como actividade esencial na Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o peche de pequenos comercios en Galiza é unha sangría continua que non para, e esta sangría agravouse coa crise da Covid-19 co peche de 2 de cada 10 negocios, e a previsión do sector é que isto é só o principio. E os establecementos que non pechan están nunha situación crítica con ingresos escasos e insuficientes para a súa supervivencia

E fronte a isto a Xunta de Galiza improvisa medidas para facer fronte á pandemia que prexudica a establecementos que en normativas anteriores eran considerados como actividade esencial, e que agora non están recollidos como tal na Orde do 26 de xaneiro de 2021, que establece as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza.

Este é o caso dos establecementos de comercio polo miúdo de produtos hixiénicos que deberían estar nos primeiros postos da lista das actividades esenciais

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 10:05:51
Nº Rexistro: 10493
Data envio: 10/02/2021 10:05:51.337

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nunha situación de pandemia, na que as autoridades sanitarias insisten na importancia de extremar as medidas hixiénicas para evitar a Covid-19.

Mentres a orde reduce o horario de apertura destes establecementos, permite a apertura das grandes superficies que venden produtos similares aos que teñen estes establecementos, co que se produce unha situación de competencia desleal. E esta redución do horario mingua as súas ventas e como consecuencia os seus ingresos.

Estes establecementos a pesar de levar dende a publicación da orde tentando falar con "alguén", na Xunta de Galiza, ao que explicarlle a súa situación e que poida solucionar o erro de non telos incluído como actividade esencial, non conseguiron mais que ser rebotados de consellería en consellería, sen poder falar con alguén que teña responsabilidades ou competencias no tema.

Dende o BNG entendemos que para loitar contra a Covid-19 son necesarias medidas que afectan a negocios e sectores económicos de Galiza, mais as medidas deben ser equitativas e lóxicas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Pensa o Goberno galego corrixir, de inmediato, a Orde do 26 de xaneiro de 2021, que establece as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza para incluír na mesma, como actividade esencial, aos establecementos comerciais polo miúdo de produtos hixiénicos?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 10:05:51
Nº Rexistro: 10493
Data envio: 10/02/2021 10:05:51.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai o Goberno galego habilitar un teléfono, de atención ás persoas autónomas e pemes galegas, para informar, aclarar dúbidas e solucionar problemas que lles poidan xurdir referente á covid-19?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2021 09:59:06

Daniel Pérez López na data 10/02/2021 09:59:10

María do Carme González Iglesias na data 10/02/2021 09:59:19

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 11:03:59
Nº Rexistro: 10500
Data envio: 10/02/2021 11:03:59.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presa Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación da UCI do CHUO ao longo da terceira vaga da covid-19 e ás actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galiza para garantir prazas suficientes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos manifestado a nosa preocupación pola situación e evolución da capacidade asistencial do Complexo Hospitalario de Ourense. Cómpre lembrar que na vaga do outono vimos como xa en outubro se trasladaban pacientes a outros hospitais e se cancelaban operacións. Así mesmo, en novembro habilitáronse ata 9 camas en quirófanos mentres se seguían derivando doentes a outros hospitais, polo que é evidente que o reforzo non chegaba onte e non ía chegar nesta nova vaga. Neste sentido, desde esta organización así como desde diferentes colexios profesionais reclamouse desde comezos de 2021 un reforzo de persoal e espazos.

Na semana do 21 de xaneiro os medios de comunicación informaban novamente do aprazamento de operacións e a fin de semana do 23 de xaneiro o señor Félix Rubial, xerente da área, afirmaba nunha entrevista dominical que o CHUO xa habilitara novamente aquelas 9 camas. Sorprende que falando de contactos "explosivos" e tendo en conta as características poboacionais de Ourense non se previran máis medidas, mais

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 11:03:59
Nº Rexistro: 10500
Data envio: 10/02/2021 11:03:59.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resulta aínda máis sorprendente que os medios de comunicación volvan informar os días 9 e 10 de febreiro da habilitación de quirófanos como espazos para camas covid.

Máis aínda, resulta inaudito que tendo Ourense un edificio de hospitalización "novo" e varios espazos nos demais edificios sen usar a alternativa para a dotación de reforzos, previbles, por outra parte, sexa a de pechar quirófanos. Entendemos, polo tanto, que estas cuestións deben ser explicada, xa que a Xunta de Galiza segue ocultando o Plan de Continxencia do Hospital e a alarma social aumenta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Pode explicar a Xunta de Galiza a evolución da UCI de Ourense e porque a única alternativa habilitada é a de continuar a pechar quirófanos para convertelos en espazos para este fin no lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia?

. Pode explicar a Xunta de Galiza a evolución da UCI de Ourense e cando e como se pecharon quirófanos para convertelos en espazos para este fin?

. Cales son as razóns de que en 11 meses de pandemia non se habilitara de forma estable no complexo algún espazo co fin de reforzar a UCI se é preciso sen que iso significase pechar quirófanos?

. Pode explicar a Xunta de Galiza a situación e capacidade asistencial do CHUO a partir de outubro?

. En que momento se comezaron a derivar doentes deste hospital cara outros? Cara cal ou cales? En que número? A algún privado?

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 11:03:59
Nº Rexistro: 10500
Data envio: 10/02/2021 11:03:59.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que momento se suspenderon operacións "non urxentes"? Que volume de operacións están afectados? Que pautas van seguir para compensar os períodos de interrupción do hospital de Ourense?

. Vai remitir ao Parlamento Galego copia do Plan ou Plans de Continxencia por mor da COVID-19 do Complexo Hospitalario de Ourense, Verín e Valdeorras desde febreiro de 2020 até a actualidade?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presa Bergantiños**
María González Albert
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2021 10:46:13

María González Albert na data 10/02/2021 10:46:19

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 11:03:59
Nº Rexistro: 10500
Data envio: 10/02/2021 11:03:59.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2021 10:46:28

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2021 10:46:48

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2021 10:47:04

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2021 10:47:13

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 12:31:13
Nº Rexistro: 10513
Data envio: 10/02/2021 12:31:13.101

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Cerceda no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/02/2021 11:51:05

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2021 11:51:20

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 12:31:33
Nº Rexistro: 10514
Data envio: 10/02/2021 12:31:33.139

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Abegondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/02/2021 11:51:42

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2021 11:51:54

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 12:32:01
Nº Rexistro: 10515
Data envio: 10/02/2021 12:32:01.164

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Bergondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/02/2021 11:52:14

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2021 11:52:29

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 12:32:19
Nº Rexistro: 10516
Data envio: 10/02/2021 12:32:19.690

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Betanzos no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/02/2021 11:52:54

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2021 11:53:08

CSV: BOPGDSPGC0uKY1Hz44
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 12:32:35
Nº Rexistro: 10517
Data envio: 10/02/2021 12:32:35.558

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

